

O PARQUE

Aloia, Brais, Mireia, Tomé e o avó Celso foron ao parque co can Cirilo. Mira o que fan e a que xogan!

Coloca o dedo no círculo que debuxou Tomé. Pecha os ollos. Despois xira o dedo un par de veces. Sabes cantas veces é "un par"? Ao abrir os ollos mira que número tes máis perto do dedo. Busca o obxecto co mesmo número.

10

3

4

10

1

5

8

5

2

7

4

2

6

8

3

6

11

9

11

Cando os obxectos anteriores se botan ao lixo... sabes cal vai en cada colector?
Escribe o seu número no colector correspondente





Levan unha merenda moi san.

Mireia ten catro laranxas e Tomé ten cinco mazás.

Cantas froitas teñen entre os dous? _____



Tomé e Cirilo contan os caracois que hai no parque. Tomé atopou 5.

Cirilo atopou 10 caracois! Cantos caracois atoparon entre os dous? _____



O avó Celso trouxo os periódicos de toda a semana.

Compra dous cada día. Vainos botar ao colector azul.

Sabes cantos son en total? _____

Aloia contou as bolsas de plástico que hai no colector amarelo: 11 bolsas plásticas

Os veciños trouxeron outras 7 bolsas plásticas. Cando chegue o camiión que recolle

o contido deste colector... cantas bolsas recollerá en total? _____



Nun tarro de vidro Aloia puxo 5 cereixas para ela,
outras 5 para Tomé, 5 máis para Mireia e outras 5 para Brais.
Cantas cereixas suman? _____

E cando coman as cereixas, sabes en que colector hai que tirar
os restos de cereixa? E en que colector deberán tirar o tarro?

No ceo azul voa unha bandada de paxaros. Brais con-

to 7 paxaros. Tomé contou 6 paxaros. Cantos paxaros

contaron en total? _____



Mireia e Brais teñen que percorrer o parque para chegar ata os colectores.
 Conta os cadros que percorre cada un.

Cantos cadros percorrerá Mireia? _____

Cantos cadros percorrerá Brais? _____


Mireia quere botar ao lixo unha caixa de cartón.

En que colector o debe facer? _____

Brais quere depositar no lixo a monda do plátano que comeu. En que colector o fará? _____

Quen percorrerá unha distancia maior? _____

Quen ten un camiño máis curto? _____



Os nosos amigos tomaron cadanseu zume. Agora van botar as botellas de vidro baleiras no colector con forma de iglú. Seguro que xa coñeces os números ordinais.

Completa os espazos:

Na fila, o avó Celso é o primeiro.

Aloia é a _____.

Brais é o _____.

Mireia é a _____.

Tomé é o _____.

O can Cirilo é o sexto.

O que veña despois será o _____.

A continuación vén o _____.

Despois é quenda para o noveno.

E finalmente chega o _____.



Estamos de volta na casa para cear. Brais ensínanos a súa habitación. Fíxate ben neste recanto do seu cuarto. Despois de ler cada frase debuxa o que se pide en cada caso:

Tres libros enriba da mesa
Dous balóns debaixo da mesa
Unha planta á dereita da mesa
Un boneco á esquerda da mesa

Un coche de xoguete entre a mesa e a cadeira
Un paxaro diante da fiestra
Unha lámpada detrás da mesa

Brais tamén separa o lixo. Colorea cada unha das papeleiras!



Recorda: no colector amarelo depositanse os envases de plástico, latas e briks. Chegou o camión que recolle o colector amarelo. Dentro había 20 bolsas plásticas. Completa as seguintes sumas para que o resultado sexa sempre 20.

$16 + \dots = 20$

$13 + \dots = 20$

$11 + \dots = 20$

$12 + \dots = 20$

$18 + \dots = 20$

$15 + \dots = 20$

